



SECTOR
CÁRNICO

INFORME SECTORIAL 9

Informe dos custos da producción da carne de vacún 2022. **Granxas de Terneira Gallega Suprema**



Fundación Juana de Vega
2023



Fundación
Juana de Vega



Informe dos custos da produción da carne de vacún 2022. **Granxas de Ternera Gallega Suprema**

Neste informe realízase unha breve descrición dos condicionantes do estudo, das características principais das granxas estudadas e achégase a conta de resultados cos conceptos detallados para o ano 2022.

1. Condicionantes do estudo

Preséntanse os resultados técnico-económicos do ano 2022 (datos anonimizados), elaborados a partir da información facilitada por 25 granxas, visitadas ata o 6 de xullo de 2023. Estes resultados non se poden tomar como representativos do que acontece nas explotacións de Ternera Gallega Suprema, debido ao gran número de granxas existentes e a heteroxeneidade de este tipo de explotacións. Trátase dun informe descritivo, que trata de aportar información acerca das contas de resultados das explotacións de vacún de carne galegas. Preséntanse datos medios do total das granxas expresados en € totais,



€/Kg de vacún vendido e en %. Tamén se inclúen datos agrupados das granxas cun mellor resultado económico (25% das granxas), cun resultado económico intermedio (50%) e cun peor resultado económico (25%), para poder observar as posibles diferenzas existentes entre as granxas. O resultado económico clasifícase segundo a marxe de €/kg de carne de vacún.

2. Participación

Os datos foron recollidos polo persoal da Fundación Juana de Vega, sendo homoxeneizada a súa recollida, para o seu posterior tratamento conxunto.

O proceso consistiu nun primeiro contacto co gandeiro, onde se explicaba a finalidade do estudo e o proceso de toma de datos, unha vez confirmado o seu interese en participar déuselle un tempo para que puidera recompilar os datos (15-20 días) e, finalmente acordouse unha data na que se visitou a granxa para realizar a entrevista e recoller a documentación necesaria.

Contactouse con un total de 76 gandeiros (Táboa 1), dos cales 35 mostraron interese por participar, de estes 35 gandeiros, 10 non participaron no estudo por diversos motivos entre os que estaban a falta de documentación ou datos, falta de tempo para realizar a entrevista ou outros problemas de carácter persoal.


Táboa 1. Datos do proceso participativo das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022.

Participación	Número	%
Granxas que entraron no estudo	25	33%
Granxas interesadas, pero que non entraron no estudo	10	13%
Ganadeiros que rexeitaron participar	41	54%
Total de gandeiros contactados para realizar o estudo	76	100%





Contactouse con gandeiros de toda a comunidade, concentrándose as gandarías que entraron no estudo en 18 concellos (Táboa 2), a maioría encadrados nas comarcas con maior densidade de explotacións dentro de TGS.



Táboa 2. Datos do proceso participativo das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022.

Concello	Nº de Granxas
A Fonsagrada	1
A Pastoriza	1
Abadín	1
Baleira	1
Becerreá	1
Cervantes	2
Cospeito	1
Curtis	1
Láncara	2
Montederramo	1
Monterroso	1
Navia de Suarna	1
O Corgo	2
Outeiro de Rei	1
Paradela	1
Sarria	2
Triacastela	3
Vilar de Barrio	2
TOTAL	25



3. Datos técnicos

As 25 explotacións visitadas tiñan unha media de 1,48 UTAs, non existindo diferenzas en función dos seus resultados económicos, sendo na súa totalidade UTAs de persoas propietarias, xa que ningunha das explotacións do estudo conta con empregados (Táboa 3). O tamaño medio das explotacións móvese ao redor das 55 ha, sendo un 52% da terra en propiedade, un 47% en aluguer e un 1% cedida sen custo.

Nestas granxas enviáronse, de media, 39 becerros a matadoiro, cun peso canal medio de 245 Kg e 7 vacas de desvelle, cun peso canal medio de 316 Kg. Non se aprecia unha diferenza significativa nos pesos medios dos becerros nas tres clasificacións en función do resultado económico. En canto á % de becerros que se venden por vaca nutriz as explotacións con un resultado intermedio teñen ao redor dun 10% máis que o resto.

Táboa 3. Datos técnicos das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022. Media e grupos segundo resultado económico.

	Granxa Media	Clasificadas segundo resultado económico		
		25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Número de explotacións	25	6,00	13,00	6,00
Número de UTAs totais	1,48	1,50	1,46	1,50
<i>UTAs persoas propietarias</i>	1,40	1,50	1,38	1,33
<i>UTAs persoas propietarias que non traballan na granxa</i>	0,08	0,00	0,08	0,17
<i>UTAs persoas traballadoras</i>	0,00	0,00	0,00	0,00
SAU total (ha)	54,82	79,67	53,08	33,75
<i>En propiedade</i>	28,44	41,67	24,65	23,42
<i>Alugada</i>	25,78	37,67	27,42	10,33
<i>Cedida sen custo</i>	0,60	0,33	1,00	0,00
Número de becerros de engorde enviados a matadoiro	39	48	44	17
<i>Peso canal no matadoiro (kg)</i>	9.497,39	11.733,38	11.013,19	3.977,17
<i>Peso medio da canle de becerros (kg)</i>	244,53	242,76	247,70	231,68
Número de vacas nutrices enviadas a matadoiro	7	11	6	3
<i>Peso canal no matadoiro (kg)</i>	2.060,06	3.322,27	2.032,52	857,50
<i>Peso medio da canle de vacas de desvelle (kg)</i>	315,96	306,67	318,35	343,00
<i>% becerros/vaca nutriz</i>	68,50%	63,50%	73,00%	61,50%
Número medio de animais	103	138	105	63
<i>Número medio de vacas nutrices durante o ano</i>	56	73	58	36
<i>Número medio de animais para recría durante o ano</i>	11	26	7	6
<i>Número medio de becerros engorde durante o ano</i>	34	38	39	19
<i>Número medio de touros durante o ano</i>	1	2	1	1



Entre os datos dos tres grupos de granxas, pode destacarse o menor número de becerros vendidos nas granxas cun peor resultado económico, o que provoca que estas venderan tres veces menos Kg que o resto. O censo medio de animais presentes nas granxas foi de 56 vacas nutrices, 11 animais de recría, 1 touro e 34 becerros de engorde durante o ano. A diferenza entre os grupos é o número de animais contando as granxas con mellor resultado económico con 138, as intermedias con 105 e as que teñen peor resultado con 63.

4. Conta de resultados

Os ingresos medios superaron os 90 mil € por explotación, que representan 7,90 €/Kg (Táboa 4). O grupo intermedio ingresa 7,04 €/Kg, cifra moito máis baixa que as mellores e as peores (9,12 €/Kg). Do total de ingresos, o 53,61% vén da propia venda de becerros. O 9,74% do total vén da venda de vacas de desvelle, mentres que as subvencións representan un 33,35%, ou 2,63 €/Kg de vacún, movéndose entre os 3,37 €/Kg das de mellor resultado e os 2,13 €/Kg das de resultado intermedio. O peso porcentual das subvencións é do 36,95% nas de mellor resultado, do 30,24% nas de intermedio e do 36,15% nas de peor resultado.

Táboa 4. Ingresos das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022. Media e grupos segundo resultado económico.

	€ Totais	€/Kg Carne	% Totais	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
				25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Venda de becerros engorde	48.947,46	4,24	53,61%	3,87	4,40	4,40
Venda de vacas desvelle	8.893,27	0,77	9,74%	1,07	0,63	0,61
Vendas para vida	1.101,00	0,10	1,21%	0,16	0,05	0,15
Subvencións	30.449,63	2,63	33,35%	3,37	2,13	3,30
<i>Subvencións da explotación</i>	29.783,31	2,58	32,62%	3,34	2,05	3,25
<i>Subvencións de capital imputadas a resultados</i>	666,32	0,06	0,73%	0,03	0,08	0,05
Outros ingresos	2.007,42	0,17	2,20%	0,36	0,06	0,26
<i>Ingresos varios</i>	2.007,42	0,17	2,20%	0,36	0,06	0,26
<i>Resultado venda inmovilizado</i>	0,00	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00
Variación Neta de inventario	-90,00	-0,01	-0,10%	0,30	-0,24	0,40
<i>Variación bruta de inventario</i>	4.562,36	0,39	5,00%	0,49	0,05	2,09
<i>Compras animais</i>	-4.562,36	-0,40	-5,10%	-0,20	-0,29	-1,69
INGRESOS TOTAIS	91.308,77	7,90	100,00%	9,12	7,04	9,12



Os gastos variables representan o 70,68% do total de gastos, superando os 40 mil €, 3,61 €/Kg, cun rango moi amplo, oscilando entre os 3,07 €/Kg das de mellor resultado e 4,79€/Kg nas de peor resultado económico (Táboa 5). Dentro destes gastos variables destaca a alimentación, que supón máis da metade dos gastos totais (54,18%), sendo as maiores partidas da alimentación o concentrado dos becerros de cebo, a produción de forraxe na granxa e o combustible e maquinaria propia.

Táboa 5. Gastos variables das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022. Media e grupos segundo resultado económico.

	€ Totais	€/Kg Carne	% Totais	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
				25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Gasto alimentación	32.003,93	2,77	54,18%	2,33	2,90	3,36
<i>Concentrado</i>	21.243,71	1,84	35,96%	1,50	2,03	1,76
<i>Forraxes compradas</i>	200,64	0,02	0,34%	0,01	0,02	0,02
<i>Cultivos e forraxes producidos na granxa</i>	6.338,15	0,55	10,73%	0,49	0,53	0,84
<i>Combustible e maquinaria propia</i>	4.221,42	0,37	7,15%	0,33	0,32	0,74
Sanidade, reprodución e hixiene	2.580,12	0,22	4,37%	0,17	0,23	0,32
Mantemento e reparación de construcións e instalacións	2.260,55	0,20	3,83%	0,17	0,18	0,38
Material camas	919,20	0,08	1,56%	0,10	0,06	0,14
Subministración (luz, auga, gas, teléfono, internet)	1.072,93	0,09	1,82%	0,05	0,10	0,18
Seguros gando	939,80	0,08	1,59%	0,13	0,05	0,10
Outros gastos variables	1.977,36	0,17	3,35%	0,12	0,18	0,29
GASTOS VARIABLES TOTAIS	41.753,89	3,61	70,68%	3,07	3,70	4,79

Os gastos fixos ascenden, de media a 1,50 €/Kg, que representan o 29,32% dos gastos totais, variando entre os 3 grupos analizados entre 1,33 €/Kg nas de resultado intermedio e 2,65 €/Kg nas de peor resultado (Táboa 6). Entre as partidas cun maior peso están as amortizacións, principalmente de maquinaria, os arrendamentos e a seguridade social pagada polas persoas propietarias. Tamén resaltar que en ningunha granxa as persoas propietarias teñen asignado un salario propio.

**Táboa 6. Gastos fixos das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022. Media e grupos segundo resultado económico.**

	€ Totais	€/Kg Carne	% Totais	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
				25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Arrendamentos	4.608,60	0,40	7,80%	0,48	0,33	0,51
<i>Terra</i>	<i>3.838,68</i>	<i>0,33</i>	<i>6,50%</i>	<i>0,34</i>	<i>0,32</i>	<i>0,40</i>
<i>Edificacións e instalacións</i>	<i>416,00</i>	<i>0,04</i>	<i>0,70%</i>	<i>0,12</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Maquinaria</i>	<i>353,92</i>	<i>0,03</i>	<i>0,60%</i>	<i>0,03</i>	<i>0,02</i>	<i>0,12</i>
Amortizacións	6.060,57	0,52	10,26%	0,57	0,44	0,87
<i>Edificacións (30 anos)</i>	<i>1.197,97</i>	<i>0,10</i>	<i>2,03%</i>	<i>0,08</i>	<i>0,11</i>	<i>0,13</i>
<i>Instalacións (10 anos)</i>	<i>730,44</i>	<i>0,06</i>	<i>1,24%</i>	<i>0,16</i>	<i>0,02</i>	<i>0,01</i>
<i>Maquinaria (10 anos)</i>	<i>4.132,16</i>	<i>0,36</i>	<i>6,99%</i>	<i>0,34</i>	<i>0,31</i>	<i>0,73</i>
Man de obra retribuída	4.406,23	0,38	7,46%	0,25	0,35	0,96
<i>Seguridade social pagada do total das persoas propietarias</i>	<i>4.406,23</i>	<i>0,38</i>	<i>7,46%</i>	<i>0,25</i>	<i>0,35</i>	<i>0,96</i>
Seguros edificacións/ instalacións/maquinaria	1.189,29	0,10	2,01%	0,07	0,10	0,23
Gastos financeiros (intereses de débedas)	298,35	0,03	0,51%	0,01	0,04	0,02
Tributos	554,15	0,05	0,94%	0,02	0,06	0,07
Outros gastos fixos (extraordinarios e outros)	203,09	0,02	0,34%	0,03	0,02	0,00
GASTOS FIXOS TOTAIS	17.320,28	1,50	29,32%	1,44	1,33	2,65

Coa suma dos gastos variables e fixos, vistos previamente, obtéñense os gastos totais, que se acercan aos 60 mil €, o que supón 5,11 €/Kg (Táboa 7). Os gastos totais ascenden a 4,51 €/Kg no caso das granxas con mellor resultado, 5,03 €/Kg nas de resultado intermedio e ata os 7,44 €/Kg nas de peor resultado.

Táboa 7. Gastos totais das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022. Media e grupos segundo resultado económico

	€ Totais	€/Kg Carne	% Totais	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
				25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Gastos variables	41.754,89	3,61	70,68%	3,07	3,70	4,79
Gastos fixos	17.320,28	1,50	29,32%	1,44	1,33	2,65
GASTOS TOTAIS	59.074,17	5,11	100,00%	4,51	5,03	7,44



Os datos anteriores dan como resultado unha marxe de 32 mil €, 2,79 €/Kg, que sería a renda dispoñible por granxa (Táboa 8). No grupo das de mellor resultado esta cifra ascende a 4,61 €/Kg, queda en 2,01 €/Kg nas de resultado intermedio, provocado por uns menores ingresos en comparación coas mellores, mentres que nas peores a marxe é 1,68 €/Kg.

Porén, para homoxeneizar os datos de todas as granxas, aplícase un salario estandarizado a 1,5 veces o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para cada propietario. Isto supón un gasto de 21.000€/UTA. Tras este proceso, a marxe neta media por granxa é de 2.800 € ou 0,25 €/Kg. No grupo das de mellor resultado, a marxe neta consérvase positiva, sendo de 2,52€/Kg. No caso do resto torna negativa ao imputar este salario, sendo de -0,22€/Kg nas de resultado intermedio e de -4,11€/Kg nas de peor resultado.

Táboa 8. Resultados económicos das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022. Media e grupos segundo resultado económico.

CONCEPTOS	€ Totais	€/Kg Carne	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
			25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
MARXE (sen salario de persoas propietarias asignado) => RENDA DISPOÑIBLE	32.234,60	2,79	4,61	2,01	1,68
Salarios propietarios homoxeneizado 1,5 veces SMI	29.400,00	2,54	2,09	2,23	5,79
MARXE NETA (con salario propietarios homoxeneizado 1,5 veces SMI)	2.834,60	0,25	2,52	-0,22	-4,11

Asignando un salario de 1,5 veces o SMI por cada propietario, o custo de produción das granxas analizadas foi de 7,66 €/Kg, oscilando entre os 6,60 €/Kg dos grupos con resultado mellor e intermedio e os 13,23 €/Kg do peor (Táboa 9).

Porén, o prezo de equilibrio medio baixa a 4,86 €/Kg canal becerro, que é o prezo mínimo que a explotación debería recibir por Kg canal de becerro vendido á industria para que a marxe neta non sexa negativa. Para facer este cálculo réstase ao custo de produción os ingresos que non sexan da venda de carne de becerro, polo que se restan os ingresos pola carne dos animais de desvelle, as subvencións, animais para vida, outros ingresos e a variación neta de inventario. Entre grupos, o prezo de equilibrio das granxas co mellor resultado sitúase nos 1,73 €/Kg, o do intermedio nos 5,48 €/Kg e o do peor nos 10,34 €/Kg. De igual forma, pero sen restar as subvencións, calcúlase o prezo de equilibrio sen subvencións, aínda que neste caso é un cálculo máis teórico que non se axustaría ao que podería pasar na realidade, xa que a non existencia de axudas podería implicar outros cambios no funcionamento das explotacións.

**Táboa 9. Custos de produción e prezo de equilibrio das granxas de vacún de carne TGS no ano 2022. Media e grupos segundo resultado económico.**

CUSTO DE PRODUCCIÓN	Media €/Kg	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
		25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Custo de produción sen incluír salario persoas propietarias (€/kg canal)	5,11	4,51	5,03	7,44
Custo de produción contemplando un salario de 1,5 vedes o SMI para cada persoa propietaria (€/kg canal)	7,66	6,60	7,26	13,23

PREZOS DE EQUILIBRIO	Media €/Kg	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
		25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Prezo de equilibrio (€/kg canal becerro)	4,86	1,73	5,48	10,34
Prezo de equilibrio sen subvencións (€/kg canal becerro)	8,06	6,06	8,00	14,35

PREZO RECIBIDO	Media €/Kg	Clasificadas segundo resultado económico (€/kg)		
		25% Mellor	50% Intermedio	25% Peor
Prezo recibido po Kg canal becerro (€/Kg)	5,15	4,96	5,22	5,34

5. Conclusións

A granxa media que resulta das 25 obxecto de estudo neste informe, ten 1,5 UTAs, xestionan ao redor de 55 hectáreas de terreo, conta con 56 vacas nutrices, vende anualmente 39 becerros e 7 vacas de desvelle e produce 9.500 Kg de carne de vacún.

Os ingresos medios superan os 90 mil euros, que equivalen a 7,9 € por cada kg de carne vendida. Do total de ingresos, a venda de becerros representa un 53,61%, a venda de vacas de desvelle un 9,74%, e as subvencións un 33,35%, sendo o seu peso moi relevante dentro das fontes de ingresos da explotación.

Os gastos totais achéganse aos 60 mil euros, que equivalen a 5,11 euros por cada kg de carne vendida. A partida de maior gasto é a de alimentación do gando, que supón máis da metade dos gastos totais cun 54,18%.

A marxe neta media (renda dispoñible) supera lixeiramente os 30 mil euros (2,79 €/Kg de carne vendida), oscilando entre os 1,68 €/kg das de peor resultado e os 4,61 €/kg das que presentan un mellor resultado económico. No entanto, a



aplicación dun salario estandarizado aos propietarios equivalente a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional, reduce a marxe neta media a 0,25 €/kg.

O custo de produción medio, sen incluír un salario para os propietarios, é de 5,11€/Kg canal. Este custo oscila entre os 4,51 €/kg nas granxas que presentan un mellor resultado e os 7,44 €/kg das que teñen un peor resultado económico. Se se inclúe un salario para as persoas propietarias equivalente a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional, o custe medio de produción alcanza os 7,66 €/kg.

O prezo mínimo ao que habería que vender o kg de becerro para cubrir todos os custes de produción, incluíndo un salario para os propietarios equivalente a 1,5 veces o SMI, sitúase nos 4,86 €/kg (prezo de equilibrio).

Como conclusión final, este informe pon de manifesto a necesidade de mellorar a profesionalización e a xestión técnico-económica das explotacións de vacún de carne de Galicia para gañar en eficiencia e rendibilidade e garantir a súa viabilidade futura.

INFORME SECTORIAL DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

ISSN: 2792-3789

Autores: Adrián Sánchez Antelo | José Manuel Andrade Calvo | Alfonso Ribas Álvarez



Fundación
Juana de Vega